Día 6	<p>Hoxe tivemos as dúas primeiras sesións de xogos predeportivos e baloncesto e despois de merendar tivemos cine e inglés onde fixemos deseños con plasti e debuxos sobre o que nos imaxinamos do futuro.</p>
Día 7	<p>Hoxe, o último día do campamento, o adicamos a fazer unha gyncana, que consistiu en distintas probas que cada rapaz tiña que superar. Probas de velocidade, equilibrio, obstaculos, punteria... etc. E foi entregado a cada neno unha tarxeta coas probas e se has habian superado ou non. Ao rematar tivemos sesión libre, alguns escolleron ver unha película e os demais debuxar e xogar con plastilina.</p>

### GRUPO de 7-9

XUÑO	
Día 26	<p>A mañá comezou coa chegada dos rapaces e mentres non estaban todos o que fixemos foi xogo libre, parchís, cartas e algúns divertíanse cos balóns.</p> <p>Ás 9:30 fixemos a xuntanza de todo o grupo de campamento e tocou a posta en común, concretamos as normas básicas e logo cada grupo cos seus monitores fixo varios xogos de presentación. Xogamos a decir o noso nome e</p>

	<p>cousas que nos gustaban, despois tocou o xogo de Tutifrutí coa pelota para facer memoria dos nomes dos compañeiros. Fixemos o xogo da Bomba e despois por último un brilé para correr un pouco antes da merenda. Despois de almorzar tocounos piscina, tivemos dúas horas nas que os rapaces nadaron e xogaron a buscar aros, coas pelotas, ás carreiras, flotación cos churros etc,... Por último e para finalizar o día voltamos ao pavillón onde fixemos xogos mentres agardábamos á recollida dos pais.</p>
Día 27	<p>Comezamos o día con actividades grupais de acollida, xogando cos nenos. A primeira actividade foi baloncesto; baixamos á pista e fixemos distintos exercicios para aprender algo de técnica e finalizamos cun par de partidos todos xuntos. A segunda hora tivemos inglés, onde fixemos o xogo dos mísiles: cada equipo fixo a súa bandeira co seu nome e tiveron que competir respondendo a preguntas en inglés, gañando puntos para mercar os mísiles e poder disparar ós demais equipos para restarlles vidas. Finalizamos e imos todos xuntos á merenda. As dúas últimas horas consistiron en preparar o gran xogo do venres, facendo as bandeiras con debuxos coloreados e algúns motivos con papeis pegados. Como finalización, facemos hora de recollida dos nenos xogando con eles en varios grupos.</p>
Día 28	<p>A primeira hora tivemos Xogos Musicais, proxectamos un vídeo cunha coreografía medieval que logo tivemos que facer nos.</p> <p>A segunda hora tocaba Xogos Deportivos, fixemos o Pañuelito en primeiro lugar e a continuación xogamos ao Ultimate, consiste en meter o frisbie nunha porteria e xógase un equipo contra outro.</p> <p>Despois do descanso da merenda tocou Preparación para a gran festa, na que dividimos aos rapaces en catro grupos nos que tiñan que preparar os seus postos e actividades para a gran festa do venres.</p> <p>Na última hora do día tivemos Cine, tocou ver a película de Enredados.</p>
Día 29	<p>Facemos a acollida dos nenos a primeira hora con xogos en grupo e bailes. Cando chegaron todos os nenos, comezamos a xornada con fútbol sala na pista polideportiva, con varios xogos para mellorar a coordinación e finalmente un partido todos xuntos. A segunda hora collemos os materiais para preparar o gran xogo do venres: fixemos unha diana para tiro ao branco, varios carteis para o mercadillo, obxectos para vender, etc. Merendamos de 11 a 11.45 e pasamos a facer a ximcana as dúas últimas horas: xogamos ao director de orquestra, ao asasino, a unha variante do twister con papeis de xornal e ao teléfono avariado. Por último, fixemos a despedida dos nenos tamén con xogos todos xuntos.</p>
Día 30	<p>Derradeiro día de campamento no que tocou O GRAN XOGO. Ás primeiras horas da mañá estiveron dedicadas a preparar por grupos os seus respectivos postos e xogos.</p> <p>Cando rematamos de merendar puxemos en marcha o MERCADILLO MEDIEVAL. Cada grupo tiña o seu posto no que ofrecían diferentes cousas a cambio de billetes. Había postos de puntería, de maquillaxe, de venda de pulseiras e demais obxectos...</p> <p>Gañaba o equipo que máis cartos recadase en total.</p>

### XULLO

Día 3	<p>Comezamos o primeiro día da nova quenda coa acollida dos nenos e posteriormente coa presentación e cas normas. De seguido, tivemos a primeira actividade que foron os xogos de presentación, como "limón, laranxa, fresa". Cando rematamos, a segunda hora fomos á aula de informática, e buscamos información sobre os xogos olímpicos da antigüidade. Fixemos tamén unha pausa para tomar a merenda. A terceira</p>
-------	--

	<p>hora collemos as cousas da piscina e fomos a nadar. Fixemos xogos de carreiras, con colchonetas, waterpolo e xogo libre. Por último, despedida dos nenos con xogos.</p>
Día 4	<p>Despois da acollida dos nenos, tivemos a actividade de baloncesto, onde traballamos bote e xogos de pase, finalizando cun partidíño.</p> <p>De seguido comezamos a gyncana para introducirmos no mundo dos deuses romanos.</p> <p>Chegou a hora do almorzo, o rematar continuamos cá gyncana onde os nenos atoparon todas as pistas e conseguiron todas as probas para gañar o</p> <p>Por último xogo., despedimos os nenos xogando as cartas, comba, aros..</p>
Día 5	<p>Despois da acollida, continuamos coa preparación do gran xogo do venres, organizando aos equipos, pensando en nomes himnos e bandeiras para os mesmos, ao rematar esta primería parte fixemos uns xogos deportivos relacionados co circo romano, os nenos estaban bastante enérxicos, o que foi bo para abrir apetito para a merenda.</p> <p>Logo da merenda, tivemos cine. Os nenos quedaron bastante encantados coa película.</p>
Día 6	<p>Unha vez rematada a acollida, dedicamos a primeira hora á preparación do xogo do venres. Fixeron con cartón un casco de guerreiro romano e remataron os que o necesitaban as bandeiras. A segunda hora estaba programado xogos musicais e danza de modo que por grupos organizáronse para inventar un himno, tamén relacionado co gran xogo.</p> <p>Unha vez rematada a merenda, tiveron unha hora de fútbol onde realizaron diversos xogos en equipo e remataron cun partido en común.</p> <p>A última hora como cambiamos os acuaxogos polo tempo continuaron decorando cascos y bandeiras por equipos .</p>
Día 7	<p>Hoxe comezamos o día coa acollida dos nenos facendo xogos todos xuntos. De seguido, puxémonos coa preparación do gran xogo que teriamos despois da merenda, rematando disfraces, himnos, bandeiras e maquillaxes. Logo de merendar, baixamos á pista para comezar os Xogos Olímpicos: primeiro presentamos os grupos co seu lema, himno e bandeira respectivas, e despois fixemos xogos coma tiro con balón aos aros, circuito de velocidade, cadeiras musicais, lanzamento de zapatos e tirar da corda.</p>
Día 10	<p>Ao ser principio de semana despois da acollida de todos os rapaces dedicamos a primeira hora a falar e facer asemblea sobre os anos 20. A segunda hora fumos a informática. Alí os nenos e nenas por grupos fixeron un traballo de búsqueda sobre datos importantes dos anos 20 (roupa, música, ocio, coche da época...). Para finalizala clase de informática abriron un arquivo en Paint e fixeron un debuxo sobre os anos 20.</p> <p>Despois da merenda tiveron dúas horas de piscina onde fixeron xogos en equipo, partido de waterpolo e saltos no trampolín.</p>
Día 11	<p>A primeira hora fixemos actividade de baloncesto onde traballamos xogos de bote e situacións de xogo real. Para a sesión de Inglés dividimos os rapaces e rapazas en grupos, elaboraron cada un deles un Twister coas ordes en inglés, pintaron diferentes figuras en folios de cores (sombrero, mostacho, arma y colgante); como indicador ou frecha na ruleta utilizouse una botella de auga. Seguimos coa preparación do gran xogo onde fixemos unhas garabatas de papel e as decoraron ó seu gusto.</p>
Día 12	<p>Comezamos o día vendo no cine a película "Animales fantásticos y dónde encontrarlos", orientada nos anos vinte. A volta da merenda, fixemos a preparación do gran xogo onde debuxamos plumas e cintas do pelo. Para rematar a mañá fixemos o xogo musical das cadeiras.</p>

Día 13	<p>Comezamos a mañá coa hora de manualidades. Os nenos e nenas elaboraron un spiner coa técnica de papiroflexia. Foi una actividade un pouco complicada pero todos puideron facela e quedaron moi contentos co seu xoguete.</p> <p>A continuación tiveron unha hora de futbito, no quecemento xogamos a “croqueta” e despois fixemos uns rondos para traballar a colocación no espazo, movementos laterais, o control e os pases e recepcións do balón; para rematar a sesión formamos cinco equipos e xogamos partidos o rei da pista.</p> <p>As últimas dúas horas da mañá foron para Aquaxogos, os nenos e nenas despois da merenda, cambiáronse, botáronse crema e baixaron as gradas externas do pavillón, enchemos globos de auga, botellas, as piscinas, pistolas, vasos de plástico, tinas e o aquasplash para desfrutar da parte máis esperada do día grazas a calor. Os rapaces que non trouxeron roupa para os acuaxogos adicaron o tempo á elaboración dun helicóptero e unha rula mediante papiroloxía.</p>
Día 14	<p>Despois da acollida, comezamos o día cunha gymkana do tipo misión imposible, os nenos mostráronse moi participativos. Despois do recreo, puxémonos co gran xogo, nesta semana fixemos un casino. Aos nenos gustoulles moito e estaban moi enérxicos tras un día bastante dinámico.</p>
Día 17	<p>Ao ser comezo de semana a primeira hora fixemos a presentación da época que imos tratar. Esta semana toca os anos 70-80. Explicamos como era a vida naquel tempo, a roupa, os coches, a música...</p> <p>A segunda hora tiveron dúas horas de clase de informática, as que utilizaron para seguir buscando información da época.</p> <p>Despois da merenda os rapaces e rapazas gozaron de dúas horas de piscina, onde se fixeron diversos xogos tanto colectivos como individuais.</p>
Día 18	<p>A primeira hora da mañá despois da recepción dos rapaces tivemos a actividade de baloncesto onde traballamos xogos de bote e partidos por equipos. Seguimos coa actividade de inglés onde xogamos cás cartas “memory cards”.</p> <p>Unha vez terminada a merenda tivemos a gyncana semanal onde pudimos disfrutar dun apasionante e competido xogo de “furor” onde os diferentes o equipos tiveron que poñer na práctica os seus dotes de cantantes.</p>
Día 19	<p>O comezo do día fixemos a preparación da coreografía de “Grease” para representar o baile ós seus compañeiros. Na hora seguinte preparamos os collares de macarróns e os pintamos de diferentes cores.</p> <p>Xa nas últimas dúas horas vimos o filme de “Charlie y la fábrica de chocolate”.</p>
Día 20	<p>Comezámola mañá preparando o gran xogo do venres, realizando uns murais con flores. Despois da merenda realizamos a actividade de fútbol, onde traballamos xogos de conducción , pases e relevos. Na última hora chegou a actividade de xogos musicais onde os rapaces puxeron a súas dotes de bailaríns poñendo en marcha unha coreografía no tempo que restou traballamos acrosport.</p>
Día 21	<p>No día do gran xogo os nenos e nenas preparáronse durante a mañá para a gran festa dos anos 70 e 80. Os que quixeron trouxeron disfraces da casa. Remataron de pintar e decorar os photocalls, fixeron flores, colares de macarrón e varios adornos máis.</p> <p>Despois de merenda fixemos o gran xogo que esta semana consistiu en facer uns bailes con cancións da época por grupos de idades. Có pavillón decorado de época fixemos merendola y pasámolo moi ben con músicas e, bailes e pintándonos a cara.</p>
Día 24	<p>Comezámola semana do presente. Despois da acollida, fixemos una presentación da semana falando de temas actuais que habitan en España</p>

	<p>e Galicia como, música, política, roupa, culturas...</p> <p>Na hora de informática tódolos nenos buscaron máis información sobre o que faláramos a hora anterior, escoitaron música galega, buscaron deportistas galegos olímpicos de agora, etc.</p> <p>Despois de rematar a merenda tiveron dúas horas de piscina nas que xogaron e desfrutaron un montón coma sempre. Fixeron xogos como a batalla campal, o tiburón, carreiras e moitos máis.</p>
Día 26	<p>Comezamos o día facendo xogos deportivos como os bolos, os rabos, e o xogo dos 10 pases.</p> <p>Despois da merenda puidemos disfrutar da sesión de cine onde vimos a película "UP".</p>
Día 27	<p>Hoxe comezamos o día cunha hora de preparación do gran xogo na que estivemos a preparar, por grupos, uns murais para decorar o talent show do venres.</p> <p>Na segunda hora os rapaces e rapazas foron a futbito. Nesta hora estiveron realizando xogos coa pelota, correndo e xogaron un minipartido.</p> <p>Debido ó mal tempo non tivemos xogos de auga e aproveitamos ese tempo para facer unhas acreditacións para a festa da semana. Despois, por grupos e individualmente estiveron practicando os seus talentos que utilizarán o venres.</p>
Día 28	<p>Como cada venres, hoxe foi o día do gran xogo.</p> <p>O Gran Xogo de hoxe consistiu nun Talent Show no que cada neno/a amosaba o seu talento de forma individual ou grupal.</p> <p>As dúas primeiras horas as dedicamos á preparación das actuacións e da posta en escena mediante maquillaxe e pintura de cara.</p> <p>Hoxe comezamos o recreo un pouco antes para poder dedicarlle máis tempo ó Gran Xogo.</p> <p>Despois de merendar, baixamos todos os grupos ó pavillón e comezamos o show. Houbo actuacións de baile, chistes, cancións, exhibicións de deportes, teatro, etc. Tivemos tamén a sorte de ver a dúas nenas que viñeron a facer unha exhibición de ximnasia rítmica e incluso a exhibición dalgúns monitores.</p>
Día 31	<p>A programación do día de hoxe foi un pouco diferente á dos outros luns debido a ser o último día do campamento e ó número reducido de nenos/as que asistiron.</p> <p>Aproveitamos o bo tempo para saír as dúas primeiras horas a xogar ó aire libre. Comezamos con algún xogo para correr e animarnos coma a Pita Infectado, a captura do balón, etc. Fixemos tamén un partido de fútbol todos xuntos debido á petición dos nenos/as e rematamos as horas de xogo cunha partida á Bomba.</p> <p>Despois da hora da merenda, disfrutamos dunha sesión de cine na que vimos a película <i>Los Increíbles</i>.</p>

## SETEMBRO

Día 1	<p>Hoxe non foi un venres típico coa súa festa de fin de quenda, debido a que estábamos perante o primeiro día de campamento despois dun mes de vacacións: polo que optamos por facer xogos predeportivos, coma o brilé, pañuelito, e demais aproveitando o bó tempo no exterior das instalacións.</p> <p>No caso dos medianos e maiores, a media mañá fixemos tamén un obradoiro de roupa con materiais reciclados, para facer ao final da mañá un desfile de modelos amosando os traballos resultantes.</p> <p>Rematamos a xornada facendo unha gran pachanga de fútbol sala no pavillón, e facendo xogos de mesa antes da recollida dos nenos por parte dos pais</p>
-------	---

Día 4	<p>Hoxe comezamos coma sempre con xogos de mesa esperando que chegasen todos os participantes. Logo fixemos un “quén é quén?” onde todos/as tiñan que descubrir a personaxe de ficción que levaban escrita nun post-it pegado á fronte. Depois os rapaces tiveron aula de informática, onde buscamos información sobre a reciclaxe e a obsolescencia programada, e a importancia de reutilizar e reciclar os materiais.</p> <p>Despois da merenda fumos á piscina, onde fixemos varios xogos de auga, e rematamos cunha pachanga de fútbol sala mentres esperábamos que rematase a recollida dos cativos.</p>
Día 5	<p>Hoxe a primeira hora fixemos inglés, onde os rapaces fixeron un mural no que tiveron que debuxar obxectos relacionados co futuro e que coñecían o seu nome en inglés. Despois de debuxar, tiveron que facer unha lenda cos nomes correspondentes. A segunda hora tivemos baloncesto onde realizamos diversos xogos e ginkanas con obstáculos e pelotas de distintos tamaños. Despois da merenda tocou cine onde vimos a película wall-e. E rematamos o día xogando un partidillo de fútbol sala e outros xogos.</p>
Día 6	<p>Despois das actividades de recollida fixemos “Preparación para o Gran Xogo” aínda que esta semana non temos Gran Xogo. A actividade consistiu en facer unha bandeira Wimpala entre todos, cada neno tiña que facer catro cores da bandeira e en cada cor escribir ideas para coidar o planeta. Despois da merenda tivemos unha ginkana onde tiñas que pasar unhas probas “medicas” para saber quenes estarían preparados para sobrevivir a unha experiencia no futuro, probas de voz de velocidade de reflexos u de reacción entre outras moitas, cadanseu neno tiña a súa cartilla na que se tikaba o resultado: punto vermello se non se pasaba e punto verde se eran “aptos”.</p>
Día 7	<p>Derradeiro día de campamento. Como cada mañá tivemos xogo libre esperando a que chegasen todos os nenos e nenas, unha vez estábamos todos baixamos ao pavillón a realizar Xogos Deportivos. “Atrapa a bandeira” foi o xogo que realizamos e que aos rapaces lles encantou.</p> <p>Despois da merenda tocou Fútbol Sala. Na última hora da mañá deixamos que escolleran que deporte querían realizar entre Baloncesto e Fútbol Sala e finalmente rematamos o último día do Campus Camp.</p>

### **GRUPO de 10-12**

XUÑO	
Día 26	<p>O principio chegamos e dividimos os nenos nos diferentes grupos. Comezamos con xogos para coñecernos, tales como pasarse a pelota dicindo o seu nome e o “pasapalabra”...</p> <p>Posteriormente estivemos na Aula de Informática mergullados na rede en busca de información sobre a Idade Media: aprendimos a diferenciar entre a Alta e a Baixa Idade Media e tratamos de achegarnos aos seus costumes e cultura.</p> <p>Ás 11 tivemos o recreo e merendamos, e a volta fixemos un obradoiro de mangalas así coma os carteis que utilizarán os nenos no mercadillo do derradeiro día.</p> <p>Tras rematar fixemos actividades de volta á calma mentres recollían aos rapaces: petanca cos zapatos, o asasino das cartas.</p> <p>Para rematar comezamos a programar a actuación da semana.</p>
Día 27	<p>Comezamos o día con actividades grupais de acollida, xogando cos nenos. A primeira actividade foi inglés, onde fixemos o xogo dos mísiles: cada equipo fixo a súa bandeira co seu nome e tiveron que competir respondendo a preguntas en inglés, gañando puntos para mercar os mísiles e poder disparar ós demais equipos para restarlles vidas. A segunda hora tivemos</p>

	<p>baloncesto; baixamos á pista e fixemos distintos exercicios para aprender algo de técnica e finalizamos cun par de partidos todos xuntos.</p> <p>Ás 11 tivemos o recreo e merendamos, e a volta fixemos xogos deportivos como o axedrez humano ou o brilé. Tamén tiveron un tempo para organizar e facer a listaxe de material do que precisarán para o gran xogo e despois xogamos o pobo durme.</p> <p>Tras rematar fixemos actividades de volta á calma mentres recollían aos rapaces.</p>
Día 28	<p>Para comezar fixemos unha “gymkana” onde fixemos carreiras de relevos, a gatas, a cabaliño, tipo cangarexo, e xogos por equipos, os mesmos equipos que competirán o venres.</p> <p>Logo fixemos xogos predeportivos, tales coma o fútbol sen balón, ou a pita con catro equipos.</p> <p>Posteriormente estivemos preparando unhas coreografías con bailes “medievais” ensaiando con miras a expoñelas o venres na parte final do campamento.</p> <p>Despois do descanso para a merenda fomos á piscina cós nenos, onde fixemos ao principio unha proba de nivel, para logo facer carreiras de relevos, guerras cos churros, e un partido de waterpolo.</p> <p>Nos derradeiros dez minutos, de natación libre, os rapaces tamén puideron desfrutar do jacuzzi das instalacións, en turnos de catro a catro e supervisados por un monitor.</p> <p>Logo foi o turno das duchas e voltamos ao pavillón para facer xogos de cartas e parchís e máis fútbol, até a hora de recollida dos nenos.</p>
Día 29	<p>Comezamos o día facendo por grupos os murais e as distintas decoracións para a actividades do “gran xogo” do venres.</p> <p>A seguinte hora tivemos futbito, onde traballamos mediante o xogo diferentes conceptos de técnica individual como o pase, a recepción e a conducción do balón, finalizando con varios partidiños por equipos.</p> <p>Despois do descanso da merenda, tivemos unha actividade de cine , onde os rapaces puideron disfrutar do filme “Piratas do Caribe”.</p> <p>Para rematar, os nenos estiveron facendo diferentes xogos por grupos ata que os viñeros a recoller a súas familias.</p>
Día 30	<p>Derradeiro día de campamento no que tocou O GRAN XOGO. Ás primeiras horas da mañá estiveron dedicadas a preparar por grupos os seus respectivos postos e xogos.</p> <p>Cando rematamos de merendar puxemos en marcha o MERCADILLO MEDIEVAL. Cada grupo tiña o seu posto no que ofrecían diferentes cousas a cambio de billetes. Había postos de puntería, de maquillaxe, de venta de pulseiras e demais obxectos...</p> <p>Gañaba o equipo que máis cartos recadase en total.</p>

## XULLO

Día 3	<p>Para comezar a semana fíxose un xogo de presentación para acoller os novos nenos e nenas que comezaban o campamento, para isto colocámonos en círculo e sentados no chan, a primeira persoa presentábase, o seguinte diría o nome do anterior compañeiro mais o seu, así sucesivamente ata completar o círculo. Despois nos diriximos a aula de informática para buscar información sobre a época romana e poder facer unha pequena posta en común.</p> <p>Para rematar o día realizaron a gyncana, dividimos a todo os participantes en distintos grupos. Esta constou de encontrar uns sobres cos nomes dos diferentes deuses romanos e logo completar un pequeno esquema. Cada vez que querían unha pista para encontrar outro sobre, tiñan que realizar</p>
-------	--

	unha proba.
Día 4	<p>Unha vez que chegaron tódolos rapaces comezamos a deseñar os himnos e cánticos para o gran xogo do venres.</p> <p>Continuamos con baloncesto onde traballamos xogos de bote e pase , rematando cun partidiño.</p> <p>Chegou a hora da merenda e o rematar tivemos a sesión de cine onde os rapaces puideron disfrutar da película "Juego de Tronos".</p> <p>Finalizamos a mañá xogando antes de que nos viñeran a recoller os nosos pais.</p>
Día 5	<p>A primeira hora da mañá fixemos Xogos Deportivos como por exemplo Gladiadores contra Leóns, o círculo romano etc... Na segunda hora tivemos a preparación do Gran Xogo na que nos seus respectivos grupos tiveron que facer o seu himno, grito de guerra, escudo... Despois da merenda tivemos as dúas últimas horas de piscina, onde nadamos e fixemos exercicios de equilibrio enriba das colchonetas.</p>
Día 6	<p>Comezamos a mañá con Futbito, fixemos actividades de quecemento para dar mobilidade ó corpo, despois, control de balón, pases e recepcións nun espazo delimitado, ao rematar, fixemos varios partidos con equipos mixtos.</p> <p>A seguinte sesión foi dedicada a manualidades, os nenos o nenas dividíronse en grupos e realizaron un casco que pertencerá o líder ou a líder do grupo no Gran Xogo, para súa confección utilizaron materiais como: cartón, tempera, fixo e pegamento. Despois da parada para repoñer forzas, remataron a película que non dera tempo a ver o último día.</p> <p>Para finalizar o día, dedicaron o tempo a perfeccionar a coreografía do Gran Xogo e rematar os cascos que quedaron a medias.</p>
Día 7	<p>Hoxe comezamos o día coa acollida dos nenos facendo xogos todos xuntos.</p> <p>De seguido, puxémonos coa preparación do gran xogo que teriamos despois da merenda, rematando disfraces, himnos, bandeiras e maquillaxes. Logo de merendar, baixamos á pista para comezar os Xogos Olímpicos: primeiro presentamos os grupos co seu lema, himno e bandeira respectivas, e despois fixemos xogos coma tiro con balón aos aros, circuito de velocidade, cadeiras musicais, lanzamento de zapatos e tirar da corda.</p>
Día 10	<p>Á primeira hora da mañá tivemos informática, os rapaces e rapazas tiveron que buscar información en internet sobre a temática desta semana que é Anos 20 . Tamén buscaron ideas para disfrazarse o día do gran xogo que teña que ver con esa época e por último no programa Paint tiñan que facer un debuxo a modo de resumo do que tiñan investigado antes.</p> <p>Despois da merenda fixemos Cine, a película elixida foi "Animales fantásticos y dónde encontralos" xa que é un filme ambientado nos anos vinte.</p>
Día 11	<p>Para a sesión de Inglés dividimos os rapaces e rapazas en grupos, elaboraron cada un deles un Twister coas ordes en inglés, pintaron diferentes figuras en folios de cores (sombbrero, mostacho, arma y colgante); como indicador ou frecha na ruleta utilizouse una botella de auga. Na sesión de baloncesto comezamos con un quecemento de control de balón por conos xunto con pases e recepcións, para rematar, formamos varios grupos para xogar partidos. Na preparación do Gran Xogo comentamos as actividades e postos que imos ter no Casino do venres, un dos xogos será o Bingo, o que fixeron foi o cartón necesario para poder participar, cunhas cuadrículas de 3x9 no que tiñan que por 15 números do 1 o 90, cada rapaz e rapaza fixo tantos cartóns de xogo como lle apeteceu para poder participar cantas veces quera no Bingo.</p> <p>Para rematar o día fixemos os xogos deportivos, neste caso adicamos o tempo a xogar o "Cachivote" no que tamén participamos os monitores.</p>
Día 12	<p>Comezamos o día realizando a actividade dos xogos musicais e</p>



	<p>manualidades onde os nenos fixeron unhas garabatas de papel e as decoraron ó seu gusto. Rematámolo día na piscina onde xogamos o pañuelito , saltos ás colchonetas e xogo libre, coma sempre remataron mollados.</p>
Día 13	<p>Comezamos o día cunha sesión de Futbito, no quecemento xogamos a “croqueta” e despois fixemos uns rondos para traballar a colocación no espazo, movementos laterais, o control e os pases e recepcións do balón; para rematar a sesión formamos cinco equipos e xogamos partidos o rei da pista. A seguinte sesión dedicámola a facer manualidades, os nenos en nenas elaboraron un helicóptero e unha rula mediante papiroloxía.</p> <p>As últimas dúas horas da maña foron para Aquaxogos, os nenos en nenas despois da merenda, cambiáronse, botáronse crema e baixaron as gradas externas do pavillón, enchemos globos de auga, botellas, as piscinas, pistolas, vasos de plástico, tinas e o aquasplash para desfrutar da parte mais esperada do día grazas a calor.</p>
Día 14	<p>As dúas primeiras sesións da maña foron dedicadas á gymkana, dividimos o grupo en dous, mentres un realizaba a citada anteriormente, o outro grupo dedicouse ós xogos deportivos para facer tempo. A gymkana foi unha especie de “Scapark” (xogo de pistas de moda en Vigo), os que participaron o fixeron na sala de ioga.</p> <p>Nas últimas sesións da maña estivemos no campo do pavillón co GRAN CASINO, con postos variopintos como: carrera de galgos, bingo, trileros, sete e medio, un prestamista entre outros. A cada neno e nena repartímoslle 90€. Se quedaban sen diñeiro tiñan que facer unha proba que elixira o prestamista para darlle un pouco.</p>
Día 17	<p>Comezamos a semana cunha introdución da temática: os anos 80. Pequenas pinceladas da cultura, política, movementos, forma de vida... despois de darlle unhas cantas ideas aportaron eles e elas outras novas. O chegar xente nova, fixemos xogos de presentación.</p> <p>A segunda sesión foi dedicada a informática, buscaron temas relacionados con eses anos coa intención de enriquecer o fomentar a súa curiosidade. Buscaron temas como: música, películas, arte representativo, o movemento hippie e os inicios da discoteca.</p> <p>Para rematar a maña, as dúas últimas sesións, as dedicamos a gymkana que foi unha imitación do clásico xogo de a3 presentado por Alonso Caparrós. Formamos cinco equipos e cada un tiña que pasar diferentes probas para poder conseguir minipuntos e poder gañar: adiviñar e continuar a canción que estivese soando; cunha palabra que lle asignabamos tiñan que cantar unha canción e por último, adiviñar o personaxe que saíse no proxector. Ademais entre proba e proba e despois de acertar, tiñan que bailar a clásica coreografía de Furor.</p>
Día 18	<p>Primeiramente fixemos en Ingles un Memory Cart, que eles mesmos idearon. Na segunda hora da mañá tivemos Baloncesto e por último cine, onde vimos unha película ambientada nos anos 80.</p>
Día 19	<p>Á primeira fixemos manualidades con macarróns, tiveron que colorealas para facer despois un colgante. A continuación ensaiamos o baile de Grease para facelo o venres. Nas dúas últimas horas tivemos Piscina, onde xogamos ao Waterpolo e coas colchonetas.</p>
Día 20	<p>Á primeira hora da mañá tivemos clase de fútbol sala, xogamos partido ao final pero previamente fixemos exercicios de conducción con balón. Na segunda hora de preparación do gran xogo estiveron facendo un photo calll. Na terceira hora da mañá seguiron coas manualidades e por último tocou danza, impartimos unha clase de zumba e logo fixeron figuras de Acro Sport.</p>
Día 21	<p>No día do gran xogo os nenos e nenas preparáronse durante a mañá para</p>

	<p>a gran festa dos anos 70 e 80. Os que quixeron trouxeron disfraces da casa. Remataron de pintar e decorar os photocalls, fixeron flores, colares de macarrón e varios adornos máis.</p> <p>Despois de merenda fixemos o gran xogo que esta semana consistiu en facer uns bailes con cancións da época por grupos de idades. Có pavillón decorado de época fixemos merendola y pasámolo moi ben con músicas e, bailes e pintándonos a cara.</p>
Día 24	<p>Comezamos a semana coa presentación da temática, nesta toca a actualidade. Fixemos unha recompilación de ideas do que aconteceu e acontece neste século, ademais, comentámoslle por riba a idea do Gran Xogo de venres que terán que desenvolver eles e elas mesmos (un periódico con noticias verídicas ou inventadas). Na sesión de informática buscaron máis noticias da actualidade que logo tiñan que por en común para facer un feedback.</p> <p>Na gymkana xogamos o Trivial, dividimos o grupo en 4 equipos mixtos e comezamos.</p>
Día 26	<p>Na primeira sesión da mañá estivemos elaborando as páxinas do que será o periódico do Campus Camp do venres no Gran Xogo: escribiron noticias, sudokus, cómics entre outras cosas...</p> <p>A segunda sesión estivo dedicada a unha reflexión grupal polo comportamento de todos os participantes do grupo.</p> <p>Nas últimas sesións, tocou piscina. Xogamos o tiburón, o rescate do aro, a fundir a flota (coas colchonetas), e para rematar, tiveron tempo libre para desfrutar cos materiais dispoñibles.</p>
Día 27	<p>Á primeira hora da mañá tivemos clase de fútbol sala, e por ser a derradeira sesión deste deporte deixamos que os rapaces escolleran un xogo de quecemento e despois fixemos partidos. Na segunda hora de Manualidades fixemos malabares, unhas pelotas con arroz e globos. Despois do descanso da merenda tocou Danza, hora na que prepararon coreografías e cancións inventadas por eles mesmos e que o día da festa interpretarán diante de todo o campamento. Na última hora do día fixemos Aquaxogos, batalla de globos de auga, pita esponxa e demáis.</p>
Día 28	<p>Como cada venres, hoxe foi o día do gran xogo.</p> <p>O Gran Xogo de hoxe consistiu nun Talent Show no que cada neno/a amosaba o seu talento de forma individual ou grupal.</p> <p>As dúas primeiras horas as dedicamos á preparación das actuacións e da posta en escena mediante maquillaxe e pintura de cara.</p> <p>Hoxe comezamos o recreo un pouco antes para poder dedicarlle máis tempo ó Gran Xogo.</p> <p>Despois de merendar, baixamos todos os grupos ó pavillón e comezamos o show. Houbo actuacións de baile, chistes, cancións, exhibicións de deportes, teatro, etc. Tivemos tamén a sorte de ver a dúas nenas que viñeron a facer unha exhibición de ximnasia rítmica e incluso a exhibición dalgúns monitores.</p>
Día 31	<p>A programación do día de hoxe foi un pouco diferente á dos outros luns debido a ser o último día do campamento e ó número reducido de nenos/as que asistiron. Nas dúas primeiras horas fixemos Cine e vimos a película que escolleron entre todos os rapaces e rapazas, "El hogar de Miss Peregrine para niños peculiares". Despois da hora da merenda realizamos unha Misión Imposible, na que tiñan que competir por grupos e gañaba o equipo que antes terminase as probas. Probas como por exemplo: conseguir tres calcetíns vermellos, representar unha película sen falar, cantar unha canción so coa letra a; etc...</p>

SETEMBRO	
Día 1	Hoxe non foi un venres típico coa súa festa de fin de quenda, debido a que estábamos perante o primeiro día de campamento despois dun mes de vacacións: polo que optamos por facer xogos predeportivos, coma o brilé, pañuelito, e demais aproveitando o bó tempo no exterior das instalacións. No caso dos medianos e maiores, a media mañá fixemos tamén un obradoiro de roupa con materiais reciclados, para facer ao final da mañá un desfile de modelos amosando os traballos resultantes. Rematamos a xornada facendo unha gran pachanga de fútbol sala no pavillón, e facendo xogos de mesa antes da recollida dos nenos por parte dos pais.
Día 4	No día de hoxe, despois das actividades de recollida xogamos ao quen es quen, cun pos it e un nome dun personaxe na fronte de cada neno, e tiñan que adiviñar que personaxe eran. Despois fumos a aula de informática, coa temática da reciclaxe, onde buscamos sobre a obsolescencia programada, a degradación do plástico e a contaminación do planeta en xeral. Despois da merenda, e debido ao mal tempo, fumos ao cine, onde vimos a película de mad max, xa que ao ser sobre un hipotético futuro distópico, tiña que ver coa temática da semana.
Día 5	No día de hoxe fixemos baloncesto a primeira hora, combinando exercicios de técnica con partidillos. Despois, na hora de inglés, fixemos dous grupos e cada un fixo un mural con pintura tendo que describir o debuxado en inglés. Despois da merenda xogamos ao cachibote e logo fixemos unha gymkana de xogos de pega con cartas e a exposición dos murais. Finalizamos a xornada facendo un partido de fútbol sala cos mesmos equipos da actividade anterior.
Día 6	Despois das actividades de recollida fixemos "Preparación para o Gran Xogo" aínda que esta semana non temos Gran Xogo. A actividade consistiu en facer unha bandeira Wimpala entre todos, cada neno tiña que facer catro cores da bandeira e en cada cor escribir ideas para coidar o planeta. Despois da merenda fuimos a refrescarnos a piscina, onde nadamos e xogamos coas colchonetas, churros, e a porteria.
Día 7	Derradeiro día de campamento. Como cada mañá tivemos xogo libre esperando a que chegasen todos os nenos e nenas, unha vez estábamos todos baixamos ao pavillón a realizar Xogos Deportivos. "Atrapa a bandeira" foi o xogo que realizamos e que aos rapaces lles encantou. Despois da merenda tocou Fútbol Sala. Na última hora da mañá deixamos que escolleran que deporte querían realizar entre Baloncesto e Fútbol Sala e finalmente rematamos o último día do Campus Camp.

## 8.- PARTICIPACIÓN

Do 26 ó 30 de xuño (75 participantes)

3-6 Anos	25 Nenos e nenas
7-9 Anos	25 Nenos e nenas
10-13Anos	25 Nenos e nenas

Do 3 ó 14 de Xullo (113-117 PARTICIPANTES)

3-6 Anos	37Nenos/as
7-9 Anos	35 Nenos/as
10-13 Anos	45 Nenos/as

Do 17 ó 31 de Xullo (88-99 PARTICIPANTES)

3-6 Anos	36 Nenos/as
7-9 Anos	27 Nenos/as
10-13 Anos	36 Nenos/as

Do 1 ó 7 de Setembro (65-66 PARTICIPANTES)

3-6 Anos	26Nenos/as
7-9 Anos	21 Nenos/as
10-13 Anos	19 Nenos/as

Os números de cada neno no s rangos de idade son orientativos, xa que para que o traballo fose máis fácil e os nenos estivesen mellor atendidos, tentamos repartir os nenos e nenas da forma máis equitativa posible, para que así os grupos funcionasen mellor.